

MESA SECT R

CURSO 2009/2010

Nº 6: RESUMO 25/02/10

1º APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Ó DIA 10 DE FEBREIRO.

Entréganse as aportacións feitas por ANPE á Secretaria da Mesa para que sexan incorporadas á Acta.

2º ORDE DE CONVOCATORIA PROCESOS SELECTIVOS: CORPO DE MESTRES, SECUNDARIA, FP...

Dende ANPE valoramos positivamente a convocatoria de oposicións en ámbolos dous corpos: primaria e secundaria, cando é de todos coñecido que no resto de CCAA convócanse cada ano para un dos corpos. Aínda así, temos que lamentar o descenso de prazas ofertadas nalgunhas especialidades, así como a non convocatoria doutras, precisamente cando levamos demandando UNHA AMPLIA OFERTA DE EMPREGO, para poder levar a cabo: diminución de ratios, redución de xornada para maiores de 55 anos e redución do fracaso escolar.

Por outra banda, hai que contemplar todas as xubilacións e ter en conta as futuribles, xa que como se recolle nunha comparativa do Ministerio deste ano 2010 sobre as plantillas docentes en tódalas CCAA, Galicia é a que ten a porcentaxe máis alta de mestres de 60 anos ou máis (o 8'3%); en secundaria o 5'7%, e o mesmo ocorre no tramo de idade de 50 a 59 cunha porcentaxe 36'2%.

Antes de entrar en cada convocatoria dicir que este non é o sistema de oposición que defendemos, xa que aínda que entendemos esta transitoria para dar estabilidade ó colectivo de interinos, ANPE defende “un “sistema diferenciado de acceso”.

Comúns ás distintas convocatorias:

- A Consellería debe publicar as ACLARACIÓNS ás ordes no mesmo momento da convocatoria. *(Farano)*
- ANPE quere saber as datas dos procesos selectivos xa que un adianto da convocatoria suporía un prexuízo para parte do profesorado de certas especialidades, que este curso non empezou a traballar ata mediados de outubro por erros de cálculo da Administración. *(Ao final aceptaron retrasalo a abril)*
- ANPE pide que non sexa requisito para acceder ó informe estar en activo no momento da convocatoria. *(Acéptano. Chegará con ter 180 días)*

- TRIBUNAIS:

Todos os anos se cae no mesmo erro, a falla de coordinación entre os distintos tribunais, polo que ANPE pide que:

- A Administración debe dar unhas instrucións claras ao respecto de garantir o anonimato nas probas, material autorizado, presentación de programación e criterios de avaliación. *(Farano)*
- Os presidentes de tribunais deben ser nomeados por sorteo. *(Non)*
- Reducir o número de opositores por tribunal.
- As puntuacións do apartado de concurso deben ser coñecidas polo tribunal despois da fase de oposición para facer o proceso o máis obxectivo posible. *(Non é posible)*
- ANPE pide que se repartan as prazas por tribunais en beneficio dun proceso máis xusto e equitativo, evitando así as “diferenzas” en notas. *(Non, porque hai OOSS que non están dacordo)*
- Nas probas de acreditamento de idioma: igualar o tratamento xa que o aprobado en galego se garda dous anos e o de castelán non. *(Farano)*

- BAREMO:

- ANPE esixe que se lle otorge a mesma puntuación ó CELGA 4 expedido polos institutos por ter cursado a asignatura igual que o antigo curso de iniciación e perfeccionamento, xa que se está a incurrir nunha discriminación grave entre os opositores: 0´4 puntos de diferenza. *(Mirarano con Política Lingüística)*
- Que se recolla claramente nas aclaracións que os cursos de menos de 19 horas empezan a contar dende 8 horas como se recolle na Orde de formación do 2007, que na pasada convocatoria non se corrixiu. *(Farano)*
- ANPE pide puntuación para Coordinadores de cursos: non aparecen recollidos en ningún apartado e polo tanto carecen de puntuación. *(Segundo a Orde de formación do 2007 se lles contabilizarán como asistencia a curso)*

CORPO DE MESTRES:

- Valoramos moi positivamente que se aclarase no punto 3.4.3 unha reivindicación que ANPE presentou na mesa de presentación da OPE sobre as posibles adaptacións de espazo e tempo para as persoas con discapacidade. Insistimos en que se lles avise con tempo suficiente antes do inicio do proceso.

- A programación poderase redactar en galego ou castelán.
- No punto 8.7: o prazo para presentación da unidade didáctica para obter informe debe ser de 30 días. *(Acéptano)*
- No punto 9.3.2: prazo de reclamación do baremo de polo menos 7 días hábiles. *(Non)*
- No punto 13.1: aclaración sobre a data de toma de posesión de Funcionarios en prácticas: 8 de setembro. *(Por problemas con intervención para as nóminas non se pode pór 1 de setembro porque saen no DOG máis alá do día primeiro de ahí que se optara por esa data)*

CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO E OUTROS

- No punto 2.2.1: Pedimos aclaración sobre si a aqueles profesores de secundaria ou FP con contratos firmados ata o 24 de setembro enténdese que pertencen o curso escolar 2008/09 co fin de acollerse ó dos 12 meses. *(Non pode ser, a normativa dí a 31 de agosto)*
- No punto 5.6.4: O profesorado pode renunciar a formar parte dun tribunal se xa actuou nas dúas últimas convocatorias. *(Amplíanse a 3 convocatorias)*
- No punto 8.8: Entendemos o fin da sentenza, pero debe redactarse de maneira máis correcta para aclararse o alcance da mesma. *(Farano)*
- No punto 9.3.2: prazo de reclamación ó baremo de polo menos 7 días hábiles. *(Non)*
- ANPE lamenta que non haxa unha convocatoria específica para cambio do subgrupo A2 a A1. Falta o baremo. *(Houbo unha diminución de orzamento para tribunais)*

3º ROGOS E PREGUNTAS

- ANPE fai constar o seu malestar ante a circular enviada ós centros educativos por mor do temporal descargando a responsabilidade da “posible suspensión de clases” no equipo directivo. Pedimos un protocolo de actuación por parte da Consellería.
- ANPE pide o envío dos ROCs con tempo suficiente antes da Mesa sectorial para estudialos en profundidade.
- ANPE solicita que se aborde o tema da actualización de designación dos centros como “de difícil desempeño”, xa que é un tema pendente.
- ANPE quere saber a postura da Consellería ante o Ministerio sobre a solicitude de Prórroga da xubilación anticipada voluntaria presentada por ANPE.